

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS (CURSO 2022-23) PARA 2º E 4º DA ESO

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN

1. INTRODUCCIÓN
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE FRANCÉS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS
 - 3.1. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA
 - 3.2. AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS

II. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

4. CONTIDOS
5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E DE CUALIFICACIÓN
6. METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS
7. MÍNIMOS ESIXIBLES
8. APRENDIZAXE E VALORES, TEMAS TRANSVERSAIS. COMPETENCIAS BÁSICAS
9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE
10. RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES E DAS AVALIACIÓNS SUSPENSAS
 - 10.1 MATERIAS PENDENTES
 - 10.2 AVALIACIÓNS SUSPENSAS
 - 10.3 PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A TERCEIRA AVALIACIÓN E A AVALIACIÓN FINAL
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
12. O TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA E DAS TIC
13. TEMPORALIZACIÓN POR TRIMESTRES
14. CONTIDOS POR CURSOS. CONCRECIÓN
 - 14.2. SEGUNDO DA ESO
 - 14.2.1. CONTIDOS
 - 14.2.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
 - 14.4. CUARTO DA ESO
 - 14.4.1. CONTIDOS
 - 14.4.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

III. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

I. INTRODUCCIÓN

1. INTRODUCCIÓN

O incremento de relacións internacionais por motivos educativos, laborais, profesionais, culturais, turísticos ou de acceso a medios de comunicación, entre outros, fai que o coñecemento de linguas estranxeiras sexa unha necesidade crecente na sociedade actual. Ademais, o desenvolvemento de novas tecnoloxías, converte ás linguas estranxeiras nun instrumento indispensable para a inserción no mundo do emprego e a comunicación en xeral. O dominio de linguas estranxeiras implica a posibilidade de acceder a outras culturas, costumes e idiosincrasias. Así mesmo, facilita as relacións interpersoais, favorece unha formación integral do individuo, desenvolvendo o respecto a outros países, os seus falantes e as súas culturas, e permítenos comprender a lingua propia. A integración na Unión Europea de países con falantes de linguas diversas, demanda tamén o dominio de linguas estranxeiras que facilite a comunicación entre os membros desta ampla Comunidade. Neste contexto, recoñécese o papel das linguas estranxeiras como elemento clave na construción da identidade europea: unha identidade plurilingüe e multicultural, así como un dos factores que favorece a libre circulación de persoas e facilita a cooperación cultural, económica, técnica e científica entre os países.

Todas estas razóns levan a considerar a necesidade de que o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria termine os seus estudos co coñecemento polo menos dúas linguas diferentes á propia. O consello de Europa insiste na necesidade de que as persoas desenvolvan competencias suficientes para relacionarse con outros membros dos países europeos. En consecuencia, estima que se debe dar un novo impulso ó ensino de idiomas que axude desenvolver a idea de cidadanía europea e recomenda certo nivel de competencia comunicativa en máis dunha lingua estranxeira durante esta etapa educativa, como mecanismos que permitan continuar a aprendizaxe de idiomas durante a vida adulta.

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE FRANCÉS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, o Real Decreto polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares.

As competencias enténdense como destrezas en calquera contexto académico, social e profesional, e a súa adquisición e condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e a necesidade dunha aprendizaxe continua.

A LOMCE adopta a denominación das competencias clave definidas pola Unión Europea:

(CCL) Competencia en comunicación lingüística.

(CMCCT) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

(CD) Competencia dixital.

(CAA) Competencia aprender a aprender.

(CSC) Competencias sociais e cívicas.

(CSIEE) Competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

(CCEC) Competencia en conciencia e expresións culturais.

Estas competencias non se cinguen a un nivel específico ou a unha materia. Pola contra todas e cada unha das áreas do currículo posibilitan a adquisición e desenvolvemento de todas elas en todas as etapas e niveis.

A materia de francés é un area excelente para adquirir, en maior ou menos medida, todas as competencias clave, ben sexa a través de textos orais e escritos, ben a través da súa propia dinámica de traballo na aula:

Competencia en comunicación lingüística

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

Competencia dixital

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

Competencia aprender a aprender

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada alumno identifique como aprende mellor e que estratexias o fan máis eficaz. Isto comporta a conciencia daquelas

capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

Competencias sociais e cívicas

As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

Conciencia e expresións culturais

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA E AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS

3.1. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA

Comunicación lingüística

— Comprende a idea principal e información específica en mensaxes orais, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, transaccións e xestións cotiás do ámbito persoal, público, académico e profesional.

— Comprende os puntos principais e detalles relevantes de conversas formais e informais.

— Identifica as ideas principais e información relevante de presentacións, charlas, exposicións ou noticias.

- Distingue trazos sonoros, acento, ritmo e entoación en contextos variados e identifica a súa intención comunicativa.
- Utiliza estratexias para comprender a idea global ou inferir significados non explícitos nun texto oral.
- Utiliza recursos lingüísticos como a paráfrase ou a explicación para entender e facerse entender.
- Utiliza a lingua estranxeira nas actividades da aula.
- Realiza presentacións orais, ben estruturadas e responde a preguntas que se lle poidan formular sobre as súas presentacións.
- Desenvólvese en transaccións e xestións cotiás de forma correcta.
- Participa en intercambios comunicativos en contextos habituais, e en conversacións sobre temas variados con fluidez e precisión.
- Exprésase correctamente en conversas nas que participa, utilizando estruturas axeitadas e unha pronuncia clara e comprensible.
- Ten conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da linguaxe en función do contexto e da intención comunicativa.
- Identifica a información relevante de instrucións, indicacións ou normas.
- Comprende o sentido xeral e detalles específicos de textos en diferentes soportes.
- Comprende información relevante en correspondencia de carácter formal e informal en diferentes soportes.
- Localiza información específica esencial en material de referencia e estudo.
- Busca, recompila e procesa información para comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de texto, con intencións comunicativas ou creativas diversas.
- Entende as ideas principais de textos xornalísticos, literarios ou de ficción en diferentes soportes.
- Infere significados a partir do contexto.
- Valora a lectura como fonte de pracer e de coñecemento.
- Utiliza estratexias de planificación, textualización, revisión e versión final para compoñer textos.
- Completa formularios, cuestionarios ou impresos con información persoal, en diferentes soportes.
- Escribe notas, mensaxes, anuncios, posts e correspondencia formal e informal con información relevante e opinións persoais.
- Escribe textos de certa complexidade utilizando un léxico adecuado, convencións ortográficas, de puntuación e formato correctos e ben estruturados, en diferentes soportes.
- Recoñece os elementos culturais mais relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relacións entre eles e os da seu propia cultura.
- Comprende e utiliza os recursos lingüísticos propios do seu nivel
- Domina as estruturas morfo-sintácticas e discursivas necesarias para comprender e expresarse.
- Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Ordena e clasifica datos atendendo a un criterio.
- Interpreta e representa datos estatísticos en gráficas e táboas.
- Resolve crebacabezas, encrucillados e adiviñas.
- Mostra respecto polo contorno natural e animal.
- Valora e practica os hábitos de vida saudable.

— Demuestra espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias.

— Identifica os problemas ambientais máis relevantes e relaciónaos coas causas e cos seus posibles efectos.

— Aplica estratexias propias do método de investigación científica.

Competencia dixital

— Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

— Obtén información en Internet para a resolución de tarefas en francés.

— Realiza presentacións e proxectos en francés utilizando diferentes soportes e ferramentas dixitais.

— Estuda e practica o francés en soporte dixital.

— Utiliza as TIC para establecer relacións sociais de xeito responsable.

Aprender a aprender

— Identifica, planifica e aplica os seus obxectivos na realización de actividades, tarefas e proxectos.

— Utiliza ferramentas e recursos para resolver dúbidas, ampliar o seu coñecemento e corrixir erros.

— Mostra interese por realizar avaliacións para valorar o seu propio progreso e identificar os puntos de mellora.

— Identifica e aplica diferentes estratexias para progresar na aprendizaxe de forma autónoma.

Competencias sociais e cívicas

— Participa en actividades por parella e grupais con respecto e interese.

— Interactúa con educación e atención valorando e respectando a opinión, gusto e preferencias dos seus compañeiros.

— Valora e practica o uso do francés para relacionarse con outras persoas e coñecer outras culturas.

— Interésase por e respecta os costumes, normas e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor

— Aplica as estratexias necesarias para realizar as súas tarefas de forma autónoma.

— Mostra unha actitude pro activa e positiva na lectura de textos de forma autónoma.

— Planifica, organiza e revisa os seus traballos para unha correcta presentación.

— Toma conciencia das consecuencias das súas decisións.

Conciencia e expresións culturais

— Utiliza elementos e técnicas artísticas na elaboración e presentación dos seus proxectos e exposicións.

— Identifica aspectos culturais dos países francófonos e compáraos cos seus mostrando respecto e interese.

— Identifica diferentes formas de expresión cultural e mostra interese por ampliar o seu coñecemento.

— Mostra interese por propiciar intercambios comunicativos reais con falantes da lingua estranxeira.

3.2. AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS

As seguinte competencias poderán ser avaliadas (SB, NT, BE, SF, IN) mediante:

- a) Observación sistemática
- b) Proba escrita
- c) Proba oral
- d) Interacción
- e) Presentacións
- f) Proxectos

1. Comunicación lingüística

— Estabelece vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno, e achégase a novas culturas, que adquiren consideración e respecto.

— Usa a comunicación lingüística como motor da resolución pacífica de conflitos.

— Expressa e comprende as mensaxes orais en situacións comunicativas diversas e adapta a comunicación ao contexto.

— Produce textos orais adecuados a cada situación, utilizando códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas, así como regras propias do intercambio comunicativo.

— Busca, recompila e procesa información para comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de textos, con intencións comunicativas ou creativas diversas.

— Usa a lectura como fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber.

— Expressa e interpreta diferentes tipos de discurso acordes á situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais.

— Ten conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da linguaxe en función do contexto e da intención comunicativa.

— Le, escoita, analiza e ten en conta opinións distintas á propia.

— Expressa adecuadamente as propias ideas e emocións, e acepta e realiza críticas con espírito construtivo.

— Enriquece as relacións sociais e desenvólvese en contextos distintos ao propio, comunicándose nunha lingua estranxeira, polo menos.

— Accede a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

— Produce e interpreta distintos tipos de información, amplía o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e resolve problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.

— Interpreta e expresa con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

— Aplica a información a unha maior variedade de situacións e contextos, segue cadeas argumentais, identificando as ideas fundamentais, e estima e axuíza a lóxica e a validez de argumentacións e informacións.

— Identifica a validez dos razoamentos e valora o grao de certeza asociado aos resultados derivados dos razoamentos correctos.

— Identifica situacións que precisan elementos e razoamentos matemáticos, aplica estratexias de resolución de problemas e selecciona as técnicas adecuadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñíbel.

— Utiliza elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información, resolve problemas provenientes da vida cotiá e toma decisións.

— Comprende sucesos, predí consecuencias e mellora e preserva as condicións de vida propia e dos demais; ademais, desenvólvese adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal en diversos ámbitos da vida e do coñecemento.

— Aplica os conceptos e principios básicos que permiten a análise dos fenómenos desde os diferentes campos de coñecemento científico.

— Percibe de forma adecuada o espazo físico no que se desenvolven a vida e a actividade humana e interactúa co espazo circundante.

— Demostra espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consumo responsábel na vida cotiá.

— Argumenta racionalmente as consecuencias duns ou outros modos de vida, e adopta unha disposición a unha vida física e mental saudábel, nun contorno natural e social tamén saudábel.

— Identifica preguntas ou problemas e obtén conclusións baseadas en probas para comprender e tomar decisións sobre o mundo físico e sobre os cambios que produce a actividade humana.

— Aplica algunhas nocións, conceptos científicos e técnicos, e teorías científicas básicas previamente comprendidas, e pon en práctica os procesos e actitudes propios da análise sistemática e de indagación científica.

— Recoñece a natureza, fortalezas e límites da actividade investigadora, como construción social do coñecemento ao longo da historia.

— Planifica e manexa solucións técnicas, seguindo criterios de economía e eficacia, para satisfacer as necesidades da vida cotiá e do mundo laboral.

— Diferencia e valora o coñecemento científico, xunto con outras formas de coñecemento, e utiliza valores e criterios éticos asociados á ciencia e ao desenvolvemento tecnolóxico.

— Usa de forma responsábel os recursos naturais, coida o ambiente, fai un consumo racional e responsábel, e protexe a saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas.

3. Competencia dixital

— Busca, obtén, procesa e comunica información para transformala en coñecemento.

— Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

— Domina linguaxes específicas básicas e as súas pautas de descodificación e transferencia, e aplica en distintas situacións e contextos o coñecemento dos diferentes tipos de información, as súas fontes, as súas posibilidades e a súa localización.

— Organiza a información, relaciona, analiza, sintetiza e fai inferencias e deducións de distinto nivel de complexidade; compréndea e intégraa nos esquemas previos de coñecemento.

— Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento.

— Procesa e xestiona información abundante e complexa, resolve problemas reais, toma decisións, traballa en contornos colaborativos e xera producións responsábeis e creativas.

— Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación a partir da comprensión da natureza e do modo de operar dos sistemas tecnolóxicos, e do efecto que eses cambios teñen no mundo persoal e socio-laboral.

— Identifica e resolve problemas habituais de software e hardware que poidan xurdir.

— Organiza a información, procésaa e oríentaa para conseguir obxectivos e fins estabelecidos.

— Resolve problemas reais de modo eficiente, e avalía e selecciona novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

— É unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar, utilizar e valorar a información e as súas fontes, contrastándoa cando é necesario. Respecta as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

4. Aprender a aprender

— Dispón de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

— Adquire conciencia das propias capacidades e das estratexias necesarias para desenvolverlas.

— Dispón dun sentimento de motivación, confianza nun mesmo e gusto por aprender.

— É consciente do que sabe e de como se aprende.

— Xestiona e controla de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais.

— Saca proveito das propias potencialidades, aumentando progresivamente a seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe.

— Desenvolve capacidades como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística ou a motivación de éxito.

— Coñece os diferentes recursos e fontes para a recollida, selección e tratamento da información, incluídos os recursos tecnolóxicos.

— Afronta a toma de decisións racional e criticamente, coa información dispoñíbel.

— Obtén información para transformala en coñecemento propio relacionado cos coñecementos previos e coa propia experiencia persoal.

— Fixa metas alcanzábeis a curto, medio e longo prazo.

— Autoavalíase e autorregúlase, é responsábel, acepta os erros e aprende dos, e cos, demais.

— Ten conciencia, xestiona e controla as propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal.

5. Competencias sociais e cívicas

— Comprende a realidade social na que vive e contribúe á súa mellora.

— Participa, toma decisións e elixe como comportarse en determinadas situacións.

— Exerce activa e responsabelmente os dereitos e deberes da cidadanía.

— É consciente da existencia de distintas perspectivas á hora de analizar a realidade social e histórica do mundo.

— Dialoga para mellorar colectivamente a comprensión da realidade.

— Entende os aspectos das sociedades actuais, a súa crecente pluralidade e o seu carácter evolutivo.

— Dispón dun sentimento de pertenza á sociedade na que vive.

- Resolve os problemas con actitude construtiva, mediante unha escala de valores baseada na reflexión crítica e no diálogo.
- Ponse no lugar do outro e comprende o seu punto de vista, aínda que sexa diferente do propio.
- Recoñece a igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, especialmente entre o home e a muller.
- Constrúe e pon en práctica normas de convivencia coherentes cos valores democráticos.
- Mantén unha actitude construtiva, solidaria e responsábel ante o cumprimento dos dereitos e obrigacións cívicas.

6. Sentido de iniciativa e espírito Emprendedor

- Adquire valores como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento dun mesmo e a autoestima.
- Aprende dos erros, asume riscos e demora a necesidade de satisfacción inmediata.
- Elixo con criterio propio, imaxina proxectos, e leva adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais, responsabilizándose deles.
- Proponse obxectivos, planifica e leva a cabo proxectos, elabora novas ideas, busca solucións e ponas en práctica.
- Analiza posibilidades e limitacións, coñece as fases de desenvolvemento dun proxecto, planifica, toma decisións, actúa, avalía o feito e auto avalíase, extrae conclusións e valora as posibilidades de mellora.
- Identifica e cumpre obxectivos e mantén a motivación para lograr o éxito nas tarefas emprendidas.
- Pon en relación a oferta académica, laboral ou de lecer dispoñíbel, coas capacidades, desexos e proxectos persoais.
- Ten unha actitude positiva ante o cambio, comprende os cambios como oportunidades, adáptase crítica e construtivamente a eles, afronta os problemas e atopa solucións en cada un dos proxectos vitais que emprende.
- Dispón de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo.
- Desenvolve habilidades e actitudes relacionadas co liderado de proxectos, as habilidades para o diálogo e a cooperación, a organización de tempos e tarefas, a capacidade de afirmar e defender dereitos ou a asunción de riscos.
- Imaxina, emprende, desenvolve e avalía accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

7. Conciencia e expresións culturais

- Coñece, comprende, aprecia e valora criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, e utilízalas como fonte de enriquecemento.
- Reelabora ideas e sentimentos propios e alleos.
- Avalía e axusta os procesos necesarios para alcanzar resultados, xa sexan no ámbito persoal ou no académico.
- Expresa e comunica diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.
- Pon en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos.
- Coñece basicamente as principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas.

- Identifica as relacións existentes entre as manifestacións artísticas e a sociedade, a persoa ou a colectividade que as crea.
- É consciente da evolución do pensamento, das correntes estéticas, das modas e dos gustos.
- Aprecia a creatividade implícita na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos a través de diferentes medios artísticos como a música, a literatura, as artes visuais ou escénicas.
- Valora a liberdade de expresión e o dereito á diversidade cultural.
- Aprecia e desfruta coa arte para poder realizar creacións propias.
- Desenvolve o desexo e a vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora.
- Mostra interese por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico.

II. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

4. CONTIDOS

Partindo da base de que a aprendizaxe do francés será o logro da capacidade de usar esta lingua para poder comunicarse, os contidos centrais serán os relativos ós procedementos, en particular o desenvolvemento das catro destrezas: Escoitar, falar e conversar, ler e escribir, coñecementos da lingua e aspectos socioculturais, e consciencia intercultural.

Estes contidos estarán expresados en Actos de Comunicación.

Comprender, falar e conversar

Este apartado fai referencia ás habilidades lingüísticas e os procedementos entendidos como operacións que permiten relacionar os conceptos adquiridos coa súa posta en práctica en actividades de comunicación que mostran o coñecemento e as habilidades do noso alumnado:

- 1 - Saudar.
- 2 - Presentarse e presentar a alguén.
- 3 - Describir persoas (características físicas e de carácter).
- 4 - Describir obxectos e a súa localización (tamaño, forma, cor, materia)
- 5 - Expresión da cantidade.
- 6 - Expresión da posesión.
- 7 - Expresión da comparación.
- 8 - Situación no espazo de persoas, obxectos e lugares.
- 9 - Expresión do tempo (horas, días, partes do día, meses, estacións, así como clima.).
- 10 - Expresión de accións presentes, pasadas e futuras.
- 11 - Expresión de petición e ofrecemento de axuda, permiso...
- 12 - Expresión de gustos e preferencias.
- 13 - Expresión de acordo e/ou desacordo.
- 14 - Expresión de causa.
- 15 - Expresión de necesidade e obriga.
- 16 - Expresión de instrucións para realizar, ordenar, prohibir.
- 17 - Expresión da finalidade.
- 18 - Expresión da hipótese.
- 19 - Expresión con textos descritivos e epistolares, engadindo en 4º os narrativos.

Serán traballados en 2º os 12 primeiros. En 4º serán retomados todos eles, ampliando o posible, e traballaranse os seguintes.

Cada un destes contidos, ou cada grupo deles, quedará completado cunha tarefa final como por exemplo:

- Facer un póster-presentación deles mesmos e doutra persoa seguindo un esquema.
- Cubrir unha ficha de identidade dun mesmo ou doutras persoas, unha vez pedidos os datos.
- Descrición do que apareza nunha imaxe dada, e recoñecela despois dunha descrición.
- Escribir unha pequena carta presentándose, ante un próximo intercambio, por exemplo.
- Presentar á súa familia a partir dunha foto.
- Facer unha lista do necesario para...
- Trazar un itinerario seguindo coordenadas dadas; tamén cos ollos pechados, seguir un percorrido pola clase, seguindo as indicacións dos compañeiros.
- Localizar nun plano un lugar, seguindo instrucións.
- Simulacións de situacións na vida real: nun restaurante, no médico, etc.

Ler e escribir

A lectura ten que ocupar un lugar relevante na aprendizaxe da nova lingua, posto que é unha das destrezas que os alumnos e as alumnas posiblemente necesiten máis na súa vida académica e profesional futura.

En 2º se esixirá unicamente a lectura de pequenos textos, con amplo reforzo de imaxes e que inclúan estruturas coñecidas previamente, ou que se poidan recoñecer polo contexto.

Na medida que vaian avanzando, ampliaremos o seu contido textual.

A finalidade será de recoñecer información e gozar. Non esqueceremos tampouco a finalidade de potenciar unha boa pronunciación.

Na composición escrita, terase en conta os elementos básicos de cohesión, partirase de modelos de textos en 2º, e de composicións máis libres en 4º. Tamén se terá en conta a utilización das estratexias máis elementais no proceso de composición escrita (planificación do que se quere escribir, textualización e revisión do escrito).

Reflexión sobre a lingua

Estes contidos estarán en función dos procedementos.

Serán as estruturas e mailo léxico necesario para poder comunicarse con corrección nos actos de comunicación anteriormente expostos.

O léxico ampliarase partindo do que é máis próximo ó alumnado ata outras áreas lexicais máis amplas.

En 2º estarán referidas a eles mesmos, á vida familiar, escolar e ó entorno máis próximo. En 4º ampliaremos á vila, ós comercios, servizos públicos, ó ocio e tempo libre...

O léxico utilizarase sempre de forma contextualizada, sendo ampliado todo o posíbel, como ferramenta facilitadora da comunicación.

O tratamento dos elementos gramaticais será semellante.

En 2º partiremos dunha gramática implícita, explicando as regras pouquiño a pouco, para que poidan ser interiorizadas e non simplemente traballadas de forma illada.

En 2º incidirán sobre todo no grupo nominal, cos morfemas de xénero e número. Os determinantes posesivos e demostrativos, así como os artigos.

A oración simple, afirmativa, negativa e interrogativa. As formas verbais dos presentes de Avoir, Être, Aller, verbos en “-er”, así como algún outro de uso necesario no contexto de cada un dos apartados. De cara a traballar accións pasadas e futuras, empezaremos con formas perifrásticas: futur proche, passé récent, présent continu. Pasaremos a outras formas que impliquen o coñecemento doutras formas verbais en 4º.

Dimensión social e cultural

Estes contidos contribúen a que o alumnado coñeza costumes formas de relación social e particularidades dos países nos que se fala a lingua estranxeira. Dito coñecemento promoverá a tolerancia e a aceptación, e facilitará a comunicación intercultural.

Entendemos que este bloque tamén se refire ás actitudes do alumnado cara a aprendizaxe da lingua e do seu desenvolvemento persoal.

— Disposición para o traballo en grupo e todo o que isto implica: regularidade no traballo, presentación coidada dos traballos.

— Esfuerzo e tenacidade no proceso de aprendizaxe, partindo do coñecemento das capacidades de cada un.

— Atención e concentración na clase.

Tódolos contidos anteriormente expostos, agás os especificados para seren tratados nun momento determinado, estarán presentes en toda a etapa, sendo retomados, de forma espiral para seren ampliados en cada caso.

O tratamento dos contidos na 2ª LE será o mesmo que na 1ª LE, é dicir, o desenvolvemento das habilidades comunicativas suporá traballar as destrezas básicas ó nivel que corresponda á situación do alumnado.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E DE CUALIFICACIÓN

Procedementos e instrumentos de avaliación

Haberá unha avaliación inicial para determinar o nivel de coñecemento de francés do novo alumnado, a fin de adaptar a programación a cada un dos grupos.

A avaliación será continua e formativa, tomando medidas de reforzo educativo se o progreso non é o desexado.

Todas as actividades, caderno de actividades, traballos realizados polo alumnado, tanto na aula como na casa, serán tidos en conta á hora de avaliar e proporcionarannos información no caso de ter que aplicar medidas correctoras.

Os traballos individuais ou en grupo, orais ou escritos, son obrigatorios. De non seren presentados serán cualificados negativamente.

Terá moita importancia a hora de avaliar os nosos alumnos a cooperación, o interese e o esforzo demostrado.

O alumno terá que ser capaz de autoavaliarse, facer un diagnóstico dos coñecementos adquiridos, as dificultades encontradas ó longo do proceso e que contidos ten que reforzar, etc.

Se realizará polo menos unha proba escrita por trimestre.

Criterios de avaliación

Estes criterios servirán para que poidamos avaliar e sacar información sobre o desenvolvemento das capacidades e aprendizaxes do noso alumnado. Cada un deles refírese as capacidades e contidos para a etapa que nos ocupa e íranse secuenciando en nivel de dificultade en función do curso.

1.- Comprender textos orais.

2.- Comunicarse oralmente utilizando estratexias adecuadas para facilitar a comunicación e producir discursos comprensibles. Admitíranse incorreccións léxicas, morfosintácticas ou fonéticas que non dificulten a comunicación.

3.- Recoñecer a idea xeral e extraer información específica de textos diversos sobre temas variados. Con este criterio tamén avaliamos a capacidade de ler textos en diferentes soportes.

4.- Redactar textos respectando as regras de cohesión, de ortografía e puntuación, de presentación e a utilización de léxico e estruturas adecuadas.

5.- Utilizar e reflexionar sobre a importancia do uso correcto dos aspectos sonoros, ritmo e entoación da lingua francesa para facerse entender e entender ós demais. Valorárase a autocorrección.

6.- Utilizar estratexias de aprendizaxe: facer unha autoavaliación da súa aprendizaxe (corrección de tarefas, aceptación do erro, utilización de diferentes recursos para memorizar, almacenar, capacidade de buscar recursos para buscar información en diferentes soportes).

7.- Utilizar e amosar interese pola utilización das novas tecnoloxías de información e comunicación, entendidas como ferramentas de comunicación e aprendizaxe tanto en actividades de aula como para establecer relacións persoais.

8.- Identificar algúns elementos culturais e xeográficos propios dos países e culturas onde se fala a lingua estranxeira e amosar interese por coñecelos.

Criterios de cualificación na ESO

Para os alumnos de Francés de 2º da ESO (primeira e segunda lingua estranxeira), a nota global da materia en cada avaliación será o resultado da suma das seguintes porcentaxes:

Probas específicas (70%)

Traballo e actitude (30%)

Para os alumnos de Francés de 4º da ESO (primeira e segunda lingua estranxeira), a nota global da materia en cada avaliación será o resultado da suma das seguintes porcentaxes:

Probas específicas (80%)

Traballo e actitude (20%)

En casos de desaproveitamento da formación continuada por parte de alumnos da ESO con faltas de asistencia reiteradas, baixarase a nota final en dous puntos. No bacharelato, en caso de que un alumno/a perda o seu dereito á avaliación continua por ausencias inxustificadas non perderá eses dous puntos, senón que terá que facer directamente unha proba xeral en xuño.

Para a nota final farase unha nota media das tres avaliacións. De non superar a materia na convocatoria ordinaria terase en conta a proba extraordinaria de xuño na que o alumno fará una proba global da materia.

Para todos os casos sinalados anteriormente, o redondeo da nota farase á alza á unidade inmediatamente superior cando a décima da nota real resultante da media sexa igual ou superior a 7. Farase tamén á alza á unidade inmediatamente superior se a décima da nota real resultante da media é igual ou superior a 5 sempre e cando o alumnado teña unha cualificación positiva no apartado de traballo e actitude tanto nas avaliacións como no período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final.

6. METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os procedementos empregados para a consecución dos obxectivos serán de diferentes tipos tendo sempre en conta a importancia da motivación do alumno á hora de enfrontarse cun maior ou menor interese.

Procuraremos que sexa unha metodoloxía activa individual, creativa e tamén en grupos. Traballaremos fundamentalmente a partir de diálogos en situación. Evitaremos no posible a tendencia do alumno a proxectar na lingua estudada, os esquemas da súa propia lingua. é necesario, por tanto, o emprego do francés en clase, limitando o uso da súa lingua materna só á presentación das estruturas ou formas cuxa explicación en francés puidese presentar dúbidas ó alumno. Para o ensino das estruturas que foron presentadas ó alumno a través dun diálogo, utilizaremos unha serie de exercicios estruturais orais e escritos a partir dos cales o alumno poderá deducir as normas gramaticais.

A aprendizaxe da pronuncia, estará integrada na clase de francés porque condiciona a adquisición dos obxectivos esenciais: a comprensión e expresión oral. Daremos prioridade á entoación, ritmo e acento. Os sons non se ensinarán illados senón formando parte dunha frase.

En canto ós recursos utilizados serán de diversa índole. Como material de apoio utilizaremos o libro de texto pero utilizaremos tamén outros soportes como son o vídeo, a televisión e sobre todo, temos en conta tamén a evolución dá Internet, ou uso xa habitual do correo electrónico e dá ensinanza a distancia aplicada á ensinanza das linguas estranxeiras, que dan ó alumno unhas posibilidades de aprendizaxe individual, oral e escrita (en varios niveis) e unha capacidade ilimitada de consulta. A utilización das tecnoloxías de información e comunicación (TIC) fan que ou alumno desenvolva habilidades para obter información que transformará despois en coñecemento e comunicación, tratamento dá información e competencia dixital.

7. MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles son os referidos as capacidades (competencias básicas) e ós obxectivos para esta etapa:

Desenvolver habilidades comunicativas para interactuar de forma competente nas diferentes esferas da actividade social.

Ser capaz de escoitar, falar e conversar en francés.

